

164

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



Decálogo do Nacionalismo Galego

- | | |
|--|--|
| I
Autonomía de Galicia. | VI
Sustantividade do dereito foral galego. |
| II
Autonomía municipal. | VII
A terra para os que a traballen, e libre de gravames. |
| III
Co-oficialidade dos idiomas galego e castelan. | VIII
Repoboación forestal forzosa. |
| IV
Igualdade de dereitos civís e políticos para a muller e para o home. | IX
Entrega á propiedade particular das terras incultas do Estado. |
| V
Representación proporcional e non elixibilidade dos que non rindan función útil para a colectividade. | X
Libre cambio. |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA

Granada


EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Prezos actualmente en vigor

		PESETAS
VOITURETTE	para 2 pasaxeiros, aberto, con arranque . . .	5.470
VOITURETTE	» 2 » » sin »	5.100
DOBLE FAETON	» 5 » » con »	5.725
DOBLE FAETON	» 5 » » sin »	5.350
SEDAN	» 5 » (coche pecho con arranque) . . .	9.080

**Chassis
común**

Ptas. 4.080



**Chassis
camión**

Ptas. 5.065

Estos prezos enténdense bordo Cadiz con dereitos de Aduanas pagados

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña.

LUIS GRANADOS
AGENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Payo Gómez, 5 A Cruña **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VI — NÚMERO 164 — 31 MAIO 1922

O Castelán no Ceo. Por Xaime Prada



— Señor, eu pasei fame e privaciós, adiqueime ao misticismo e axudei á Inquisición.

— E traballar ¿traballache?

— A miña nobreza non mo consentía, ademais daba-me vergoña que poideran chamar-me galego.

Diálogo trascendental

— Mais, que queredes vos?

Queremos converter a Galicia dun arrabal nun centro; facer que teña vida propia, grande, inmensa, que chegue a ser unha lumaroda espiritual acesa alumeando o mundo enteiro.

— ¡Obra grande! Mais, cómo?

Para as grandes almas son as obras. Cómo facel-o? Co noso esforzo, que non debe conocer límites; coa nosa vontade para quen deben ser as tarefas infinitas; co traballo e a disciplina de todo o noso ser. O porvir é para os que saben conqueril-o!

Vaguedás! Falade en concreto: Cómo servir á nosa causa?

Sírve a Galicia o que aproveita un salto d'auga; o que fai froitificar dobremente un campo; o que crea unha compañía de navegación; o que escribe un poema, pinta un cuadro, abre unha escola, fai ciencia...

O home mais simple, o mais pequeno de espírito, cando na súa acción pensa n'aquel pobo que un día rexurdirá na beira do Atlántico como un novo lumiar, será grande e sentiráse grande. E todo isto tendo sempre presente o fin d'unha Galicia nova, porque ¡ai do que queira vivir egoistamente por si e para si! Morrerá e está de feito xa medio morto. O egoísmo é o pai da morte!

— De maneira que o noso ideal...?

O noso ideal? Un pobo culto, nobre, traballador, creador do mais alto que exista, n'unha terra fecunda; unha inmensa perspectiva de searas e bosques, de talleres, de portos, de poesía, de ciencia, de ideal...

Esa é a nosa Galicia do futuro.

Johan V. Viqueira.

¿Onde está España?

Fai unhos anos o deputado francés M. Munin, gran conoecedor dos pobos celtas, visitou a Galicia e veu n-ela unha grande semellanza coa Bretaña francesa e cō Gales inglés; e o seu entusiasmo levouno a dar unha conferencia en Oviedo sobre da gran importancia de Galicia en relación cos demais pobos celtas; mais en Asturias lle non fixeron ningún caso; e mesmo lle pasou n-outros pobos do Cantábrico; viu que as cousas de Galicia non intresaban nada aos outros pobos da Hespaña; e d-aquela o francés con dóida sorpresa preguntou ¿onde, pois, está a Hespaña?

Porque unha nación, ou non é nada, ou tén que ser unha comunidade de pensamentos e de sentimentos para unha comunidade de acción. Sin esta estruturación espritoal, unha nación non pode eistir; será unha realidade xeográfica e política; mais será unha realidade morta coma unha momia petrificada pol-a quietude dos séculos.

A Hespaña tamén é unha realidade morta. Unamuno, un dos intelectuales de mais honrado falar da Hespaña, fai pouco dou unha conferencia en Salamanca; e dixo que na Hespaña de hoxe hai unha ausoluta carencia de valores, e o que é pior, que non hai ideal nas xentes, que a Hespaña estase desfecendo en anacos, e que o réxime actual non se pode substituir, porque na conciencia do pobo, nas reservas espirituales do pobo non hai nada, nin bó nin malo, con que poder substituílo.

O conde de Romanones fixo unha conferencia en Sevilla, na que sintetiza todo o seu idearium político. Como era natural, todol-os demais xefes políticos comentaron o programa de Romanones, e todos unánimemente manifestaron que Romanones non dixo nada orixinal, que canto dixo xa o tiñan dito denantes os demais políticos, e que non presentaba ningunha solución de eficacia aos problemas que na política hespañola hai para resolver. Todos, pois, reconosceron unánimemente que o programa de Romanones non vale para nada, e que como o programa de Romanones é igual aos dos demais políticos, reconosceron tamén que non valen para nada os programas dos demais políticos, e que todos eles xuntos non teñen unha solución de eficacia para ningún problema.

Os intelectuales atopan a Hespaña sin ideal, sin valores morales; os políticos sin un desacougo, sin un entusiasmo, sin conciencia da súa responsabilidade, incapaces de parir unha idea propia, somellan cunhas mal criados que están rifando en noxentas partillas a se repartir os derradeiros béns d-un cliente arruinado. ¿Onde está Hespaña?

Este artigo o escribo en Madrid, a capital da Hespaña. Estiven no Ateneo; alí non se fai ciencia; alí cultívase unha pedantesca e inaguantable cursilería; a biblioteca está chea de estudantes que van a facer oposicións e alí van estudar os libros de texto que empeñaron; as rapazas feministas van a facer tertulias para se limaren cos homes; ouvin varias conferencias sobre dos temas mais estériles; alí coméntase as érradeiras greguerías de Gómez de Laserna, o derradeiro xesto de Unamuno, fanse cómos; fóra d'algús investigadores provincianos, toda a labor que alí se fai é episódica, sin un senso real, sin emoción, sin pulos creadores. Logo aquel espíritu decadente reflexase n-unha literatura retoricista, e n-unha prensa hipócrita e mercantilizada.

A Exposición nacional de Bellas Artes que se está celebrando, nin é nacional nin é de bellas artes; nunca tantas obras tan malas vin xuntas no mifia vida; parecen productos d-unha casa de saldos; e nin pol-os motivos, nin pol-o simbolismo se atopa alí por ningures un espírito de nacionalidade; e aquel conxunto de cores absurdas, de paisaxes murchos, de copias mal feitas, mais que unha emoción estética, provoca unha instintiva sensación de noxo.

Nada quero dicirvos do Parlamento. Nunca tanta cobararía, tanta incapacidade, tanta immoralidade, tanta mala crianza vin xunta. Nunca pior estivo o Parlamento da Hespaña. Hasta co-

mo espectáculo é unha cousa fea; parece unha xuntanza de tendeiros; casi todos mal vestidos, gordiflós, calvos, mal encarados; na Grecia por razón de estética suprimirían a casi todol-os nosos parlamentarios.

Na casa de feras do Retiro, encaulado entre longos ferros, hai un vello león, cheo de amatas; encanixado pol-os anos e pol-as doznzas, perdeu a coor do cabelo, e a melena raía parece un mal feito postizo de cerro, como as pelucas dos principiantes de teatro; deitado ao sol coma un can famento; ollábanos con un compasivo mirar que daba lástima; mesmo daba ganas de tirarlle unha pedra de azucre, ou de abriulle a porta para que se espilise un pouco. "¿Non buscábal-a Hespaña? —me dixo un amigo acompañante—pois ahí tés o vello león hespañol dando as boqueadas; como él, tamén a Hespaña está morrendo n-unha casa de feras." E as verbas do amigo resoaron en mín co eco inxente e maxestuoso d-unha profecía.

Nin na ciencia, nin na literatura, nin na política, nin nas artes, nin nos valores morales que todol-os pobos gardan como xermelo civilizador, en ningures aparece o sentimento d-unha Hespaña viva. A única realidade viva n-esta Hespaña podre e decadente sómola os nacionalistas. Non se resolverá ningún problema dos que hoxe áchanse pranteados na Hespaña, porque non se poden resolver. Como a casa de Austria sucumbeu nas guerras de Flandes, a dinastía borbónica sucumbirá coa empresa de Marrocos; a Facenda chegará á bancarrota; os problemas sociais anarquizarán e esterilizarán o traballo; o pobo sucumbirá de miseria, de miseria material e mais cinda de miseria espiritual. Eisi terá que ser, porque na Hespaña de hoxe non hai nin un ideal, nin un pensamento outo, nin unha arela redentora, nin siquera existen fronteiras morales na conciencia das xentes; así tén que ser porque todol-os traballos por resucitar a Hespaña centralista, unilaria, é ir contra as leis da Natureza e contra das correntes civilizadoras. Eisi tén que ser, e d-esta desfeita sairán libres e triunfantes as nacionalidades da Iberia. Somos nós, pois, os nacionalistas, á única realidade viva. E na vanguardia d-esta cruzada de liberdade, temos que ir os nacionalistas galegos.

Nós ao rente de Portugal, o irmán noso, somol-os embaixadores en quen Portugal pode confiar, os sementadores do espírito de irmandade que xunte n-unha dina comunión de liberdade a todol-os pobos da Iberia, todos iguais, todos libres, donos todos eles dos seus destinos; e nós, aniados na veira do mar Atlántico, temos que reintegrar ao concerto dos pobos civilizados a vella Iberia n-outroza isolada do mundo por un Estado que tén cimentada a súa vida sobre da escravitude dos seus pobos.

L. PEÑA NOVO.

Na campa de Mistral

Non hai moito tempo celebrouse un homenaxe ao gran poeta provenzal Mistral, sobre a súa campa. Con este motivo os rexionalistas do Mediodía de Francia publicaron un manifesto espoñendo as súas aspiracións. Estas reducense a dúas cooficialidade do provenzal e catalán e autonomía administrativa.

No manifesto fan notar os rexionalistas do Mediodía de Francia que análogas aspiracións existen en Bretaña e en Alsacia; o movemento rexionalista non quere rematar con Francia. Quere facer unha Francia mais grande e mais rica, a única que peida manterse firme no futuro.

No movemento devandito toman parte organismos económicos como por exemplo a Cámara de Comercio de Marsella.

Os que aquí nos falan de que estamos atrasados que miren un pouco para "fora"!

No próximo número seguiremos publicando a conferencia do malogrado Lois Porteiro Garea

DO POETA DA RAZA

AOS ESCOLARES LUSITANOS

(SAÚDO)

Ben vidos, escolares!

N-este aleiro

*onde, maino repousó no camiño
de anduriñas de voo aventureiro,
un fato de galegos fixo o niño,
ten a visita co-a que nos honrades
a mólida ternura,
as doces soavidades
da do irmáu benamado
que, da lareira á tépeda quentura
dimpóis da loita mundo adiante, ven
a relembra as glorias do Pasado
e a soñar novas glorias no Alén!*

*Con vos chegan, louzanas, recedentes,
as visións espelladas e tranquiás,
da Braga das caeiras verdecentes
e da Regoa das rosas campesias;
do chau de bendición en onde as vides
colgan os asios, a loeir, nos gallos
de pinos e sobreiras
nas ponlas das pereiras
e antre o follaxe espeso dos carballos;
das terras sempre amigas
nas que abriron seu rego
o Douro das violas e as cantigas
e o amado da Lua,
o lírico Mondegal!*

*Xuntos no chau e con parexa historia,
irmandados na fala e o sentimento
fílano, como nosa, a vosa gloria.*

*Cara ao Atlántico mar, veira do Miño,
posta a mau no tremente corazón
olla Galicia no estelar camiño,
das bágoas da emoción
os ollos arrasados,
o voo de Sacadura e de Coutinho
«por ares nunca dantes navegados»
e vé, axoellada, latecante,
que unha albarda de gloria se avexiña
e que o avión se alonxa e se encamiña
por veredas de estrelas,
levando, ceo adiante,
a Cruz de Cristo, a Cruz das Caravelas!*

Un berro de ledicia vai no vento.

*Os héroes inmortaes
da epopeia sin par das Descobertas,
Gonzalo Velho, Zarco e Magalhaes
e Diego Cáo e Gama e outros cento
siguen de azas abertas
a nao voadora até o rochedo
onde un instante incrinase abatida
por mandado segredo
dos outos Ceos, para ben, detida:*

*¡A ten de bendecir
o Encuberto, o Santo Cabaleiro,
aquele que ten de vir
unha certa mañán de nevoeiro!*

*Mais ditosa, lanzal, conqueridora,
que a que levaba na rompente proa
a Vitoria trunfal de Samotracia,
vai quiada da forza milagreira
da divina Saudade.*

*¡A Fe, a Esperanza, a Gracia,
a Beleza, o Relembro, a Eternidade!
¡A divina Saudade creadora,
Pomba sagra do noso Sant Grial!
¡Alma aniñadora do Ideal
da Raza da Galicia soñadora
e o lexendario heroico Portugal!*

*¡Irmáus no sentimento saudoso!
Mocidade da patria portuguesa!
Este homilde fogar galego é voso.*

*É voso este casal
onde vive a soñar, orante, acesa,
a alma de Galicia e Portugal!*

Ramón Cabanillas.

A cuestión do millo

Os deputados galegos traicionaron unha vez mais á terra

Na conciencia de todos os galegos está que a libre importación do millo é unha cuestión vital para a nosa economía agraria; esta verdade conquireu a categoría de dogma indiscutible e intanxible. Planteada nas Cortes a reforma arancelaria, aparecía a importación do millo gravada con 6 pesetas na primeira columna e con 2 pesetas os 100 kilos na segunda. Chea de razón, conmoveuse toda a opinión galega. Os deputados por Galicia atacaron o arancel; mais foi o seu un ataque cobarde; pediron rebaixa de dereitos, cando a cuestión consiste na absoluta supresión de todos os dereitos arancelarios. Andiveron con fórmulas e panos quentes, e chegaron a conquistar, que a segunda columna quedase reducida a 50 céntimos os 100 kilos. Queda dito que con esta rebaixa non se resolvería a cuestión; pero era un mal menor; os deputados hincharon o trunfo e a prensa do seu comando fartouse de loubalos.

Outro aspecto do problema o principal aspecto, está en que a libre importación, e n-este caso a rebaixa, sexa permanente: unha rebaixa temporal non beneficiará nada ao noso labrego porque non se trata de ter un ano o millo mais barato; trátase de que para intensificar a nosa produción pecuaria faise preciso un troque de cultivos; faise preciso que as terras que se adiean hoxe ao cultivo do mainzo sexan ali-

cadadas a cultivo forraxeiro; e esta transformación non se pode facer sin dar ao labrego a seguranza de que poderá importar sempre millo barato. E d'iste aspecto fundamental non se quixeron dar conta os dipulados, e a rebaixa foi conquerida temporalmente. Iste segundo erro — que o primeiro, fixo que a intervención dos nosos parlamentarios carecese n-absoluto de eficacia; mais tal erro, con ser fundamental, deixaba aberto un portelo ás inxénuas esperanzas de moitos galegos que quixeron ver na intervención dos parlamentarios un comenzo de rectificación da mala vida pasada.

Pero todo o devandito, con ser grave, non téñ comparanza co que falta por dicir; a rebaixa no arancel do millo na súa aprobación definitiva leva a modificación seguinte: a rebaixa será aplicable a un número de toneladas igual ao promedio das que se importaron nos derradeiros cinco anos, e a importación que exceda d'iste promedio xa non terá rebaixa. A importación media nos cinco anos derradeiros foi de cen mil toneladas, pouco mais ou menos; e esas toneladas serán as que teñan rebaixa. Isto quer dicir:

1.º Que o millo importado nos derradeiros anos de anormalidade no tráfico foi o minimum preciso para cubrir o déficit da nosa produción, esa rebaixa arancelaria non provocará rebaixa ningunha no precio do millo en Galicia, nin facilitará o aumento da importación para intensificar os produtos pecuarios.

2.º Que como o millo beneficiado coa rebaixa é o minimum preciso que Galicia téñ sempre que importar, será acaparado pol-os almacenistas, que se afanarán a ser os primeiros en

importal-o, para o venderen despois sin competencia posibre.

3.º Que por tanto isa rebaixa non beneficiará nin n-un céntimo aos nosos paisanos.

4.º Que en troques os almacenistas importadores do millo verán convertido o seu negocio n-un monopolio, e cobrarán multiplicados os dereitos arancelarios que había de cobrar o Estado.

5.º Que os labregós engaiolados pol-o anuncio d-unha rebaixa na importación do millo, xa iste ano sementaron menos terras, o déficit será maior, e provocará un aumento no pre-cio de venda.

6.º Que en síntesis, coa fórmula aceptada pol-os nosos deputados para solución do problema do millo conqueriron, que este non baixe de precio, que sexa meirande a posibili-dade de que ise precio aumente, que o labrego se non benefi-ciara nada, que se creará un negocio de monopolio co asunto do millo, roubando ao labrego e ao Estado para beneficio de certos acaparadores.

E iste xa non é un erro mais dos deputados; é un aldraxe, unha burla, unha traición de lesa patria.

Por iso queremos que as nosas verbas sexan mais que un cenzenario. Queremos que se espallen por toda a prensa, que se lean lidas por todos os galegos, e gardadas na lembranza pa-ra eterna condenación dos calamitosos representantes nas Cór-teg que a nosa Terra sofre.

O aniversario das Irmandades

O 18 de Maio cumpreuse o sexto aniversario da fundación da "Irmandade da Fala" de Cruña, a primeira das fundadas en Galicia e que dou comenzo e impulso grande no transeu-ro d'ese tempo ao movemento nacionalista actual.

Neses seis anos nin un só momento decaeu o entusias-mo grande, desinteresado e patriótico, demostrado sempre e acollo, dos irmáns da Cruña. Circunstancias especiais poide-ron impedir algunha vez unha grande actividade noutros mo-mentos demostrada pero endexamais deixouse de actuar nin faltou nunca o entusiasmo e o grande amor pol-a Irmandade.

Non ímos decir agora todo o que ela fixo nos seis anos da sua patriótica actuación. Soio citaremos aqueles actos de mais trascendencia e intrínsecos para a nosa Santa Causa, como son o sostimento deste boletín onde se atopa recollida a esencia principal do noso movemento, infinitos actos de propaganda, unha grande labor realizada pol-o cuadro de decramación que conseguen darlle un gran impulso ao teatro galego conseguin-do ao mesmo tempo adoitara ao público cruñés a ollar o noso teatro con todo respecto e agarimo; durante este inverno viñé-ronse dando crases gratuítas de varios ensaios que serán ampliadas para o inverno que ven e sobre todo vai vendo co-mo en toda Galicia tiveron acollida os ideás nacionalistas por cla espallados. Hoxe en casi todos os pobos da terra e cidade en moitos de fora atópase nacionalistas bós e convencidos que foron vindo, ao movemento santo e redentor que a Irman-dade de Cruña escomenzou denantes que ninguén e no que figura como unha das suas mais grandes e fortes columnas.

Nestes seis anos se non pode negar que o sentimento ga-leguista tomou un impulso que endexamais tivo e a literatura galega chegou a un momento verdadeiramente interesante. Abonda con ollar os moitos libros que no noso idioma lévân-se publicando en tan pouco tempo e as moitas e moi boas de teatro estrenadas.

En todos os ordes a vida atópase hoxe trocada e o noso movemento santo e patriótico vai camiño dun seguro e definitivo triunfo.

Nesta data e despois de seis anos de loita cómprenos adi-car unha lembranza agarimosa e de cariño aos irmáns que a morte arrincou das nosas fiás e tamén un saúdo atigado de entusiasmo e fé no triunfo aos irmáns que en Galicia e fora dela axúdanos na tarefa de libertar e galeguizar a Terra.

Irmáns: ¡Adiante e fé no porvir!

¡Saúde e Pátria!

Para conmemorar esta data, a Irmandade da Cruña prepara unha gran festa que se celebrará na Granxa Agrícola nos co-

menzos de Xunio e na que se farán dúas representacións ao ar libre, o teatro da natureza de que tanto se tén falado e tan necesario na nosa terra e ademais outros actos tamén de pro-paganda do noso idioma e do noso idearium.

Resultará unha festa verdadeiramente enxebre e patriótica.

Follas do meu diario

Lin n-unha revista francesa—na "Illustration" si mal non lembro—unha nova que fixo seguir ao meu pensamento o pro-ceso eterno e cicais angustioso—a forza de se repetir—que me obriga a facer recaeer en Galicia as reflexións que calquera fei-to me suxire.

Lin—repito—que unhas patriotas aló en Reims envían a todos os países do mundo, por un módico precio, anacos de pedra da Reims destruída.

E os cartos que istas pedras produzan, servirán para ofren-dar ao mundo unha Reims reedificada.

O meu pensamento seguiu o seu proceso eterno e angus-tioso.

Lembreime de que no corazón de Galicia hai unhas pedras sagradas para nós.

Perdidas no medio do monte, poucos homes pasarán á sua veira.

E dos homes que pasen casi ninguén saberá interrogar a alma muda das pedras.

A Frouseira...

Nas néboas do tempo que pasa, pérden-se os derradeiros ecos da cantiga que condena para sempre aos traidores.

As mans implas dos homes e dos séculos fan desaparecer os esquecidos restos.

Un home, unha entidade, ¿porqué non ha de recoller al-gunha pedras e espallal-as en anacos, entre os galegos de corazón xeneroso?

Castelao, o xenial, faría un dibuxo para unha pequena praca metálica de coste infimo.

E un cerebro inspirado, e do Poeta da Raza faría unha ins-cripción.

Esto é, ¡ou Galego! o que queda da tua liberdade.

Pensa e responde ¿os tempos son chegados?

E aquela pedra colocada na mesa do traballo enriba dos papér en que os homes se compracen en valeirar o seu pen-samento, serviría de látigo acuciador das dormentes enerxías.

E a sua presenza inquietante, presidiría as leicións aos nosos fillos.

Os cartos d-istas pedras non servirían para labrar outras covas.

Servirían, propagando as nosas ideas para erguer no co-razón dos incredulos e dos doentes de preguiza mental o castelo roqueiro da nosa liberdade.

¡Qué non pode ser destruída pol-o Tempo!

¡Qué non pode derrumbal-o unha traición!

FRANCISCO ABELAIRA.

A rondalla "Curros Enriquez" de Celanova

En Celanova, pobo natal do gran poeta Curros Enriquez constitúese unha rondalla que leva o nome do inesquencido autor de "Aires da Miña Terra."

Na derradeira xuntanza xeneral da rondalla, acordouse no-mear socio de Honor ao primeiro conselleiro da "Irmandade da Fala na Cruña, según comunicado oficial acompañado do diploma que temos recibido.

Agradecemos moito esta distinción e desexamos á tan en-lusista colectividade musical unha longa vida e grandes triunfos.



Unha obra de gran interés

Acaba de se editare unha «Gramática do Idioma Galego», da que é autor o noso querido amigo e admirado dramaturgo galego D. Manuel Lugo Freire.

E a obra de mais utilidade que se poidera haber publicado na nosa lingua, pois sempre foi de necesidade unha boa Gramática galega que fose recollendo e fixando a progresiva evolución do noso idioma; podemos decir que carecíamos n-absoluto de elementos para o estudo da nosa lingua; moi poucos traballos se teñen feito, e os que hai son pequenos apuntes para mais amplias investigacións; a gramática de Saco e Arce, ademais de estar esgotada a súa edición, fai mais de medio século que se escribiu. Por iso a necesidade, sempre grande, d-unha gramática, facíase agora moito maior pol-o rexurdimento do noso idioma e da nosa literatura.

O Sr. Lugo Freire ven a satisfacer enteiramente esta necesidade. A súa obra, admirablemente editada, é un completo tratado do idioma, feito de xeito moderno. O estudo da morfoloxía, e sobre todo da sintáxis, dalle unha amplitude que fixa perfectamente a admirabile riqueza da nosa lingua; nese estudo atoparán solución cumprida total-as dúbidas que sobre da construción se poidan ter.

A obra leva tamén moitos e intresantísimos aditamentos, entre eles unhas táboas de modismos, de nomes de persoas, toponimia, denominación dos ventos, meses e días, táboas de castelanismos, mostras literarias, e, sobre todo, un vocabulario galego castelán; moi escolleito e de moitas verbas.

Este vocabulario non leva as verbas que se escriben o mesmo en galego que en castelán, sinón aquelas que teñen unha grande diferenza; por eso é de gran importancia e ven a satisfacer con ventaxa a urxentísima necesidade que se sente d-un dicionario galego castelán manuable.

Na sección bibliográfica ocupáronos detidamente, cal o merece, da obra. Hoxe, sin tempo para mais, somentes nos toca dar a nosa mais expresiva embora ao autor e a nós mesmos pol-o grande trunfo que significa para cultura galega e afincar ben a importancia da obra que provocará un gran rexurdimento da nosa lingua.

A obra pondráse de contado á venda en total-as librerías de Galicia, nas Américas e en Madrid, entre outras, na Librería de Pueyo, na Gran Vía. Cantos galegos queiran falar ben a nosa fala, ou escribir n-ela terán precisión de a mercar.

Lea vostede o próximo número de
A NOSA TERRA

Os aviadores portugueses

E curioso o feito de que a travesía no ar Lisboa-Brasil non se debe sómente ao valor intrínseco dos dous aviadores que a teñen feita.

Os oficiais portugueses Gago Coutinho e Sacadura Cabral son mozos de idade militar que teñan feito a súa fazaña por ignorancia do perigo, senon homes de ciencia que xa tiñan sido distinguidos pol-os seus traballos topográficos e xeográficos nas fronteiras de Angola e Mozambique e na illa de Santo Tomé. Coutinho é tamén inventor de un novo sextante, que se nivela con nivel artificial, sin necesidade de recurrir ao horizonte. Entre os dous oficiais inventaron tamén un aparato de corrección de ruta, que lles ten permitido pousar precisamente n-un illote de dous centos metros, despois de un 70 de centos de millas. E antes do viaxe Lisboa-Brasil, ambos a dous tiñan ensaiado repetidamente seu sextante e corrector de ruta.

Decimos que é curioso, porque con este feito repiten os portugueses o grande exemplo dos seus predecesores do século XV, que tampouco descubriron a cegas as rutas marítimas do mundo, senon que, según o teñen demostrado as investigacións de Joaquín Bensande, procederon con riguroso método científico e saíron d'aquela manífica escola de navegación que o infante don Henrique creou en Sagres, aló na punta do Algarve, onde tiñan un coñecemento da terra e dos astros que abondaría por si só para evidenciar que a Edade Media cultivaba as ciencias con tanto rigor como nos tempos posteriores.

O valor dos aviadores ten sido tamén manífico. Conven lembralo, como conven así mesmo, marcar a súa capacidade científica. Sin o valor non terían servido de nada nin o xestante nin o corrector de ruta. Sin a ciencia perdería a fazaña boa parte do seu significado.

Valerosos e científicos ao mesmo tempo; ademais, desintresados; así teñen sido os aviadores portugueses. Así deberan ser todos-os homes.

COUSAS

Teño para min que o ser patriota non é un defeito, senón todo o contrario. Coido que un patriota, no bón senso da palabra é mereseñte do respecto dos individuos que o non son tanto como él ou que teñen formado un concepto mais baixo e cativo do que debe ser o patriotismo.

Un bón patriota, foi e será sempre, un home superior.

Como é sabido acabábase de xogar en Vigo o partido final do campionato de fútbol. Xogaron un equipo vasco e outro catalán.

Según nos dixeron os xornais e algúns que presenciaron o partido, reinaba no campo un ambiente moi desfavorable ao equipo catalán. ¿Sabedes porqué? Por eso precisamente, por seren catalás.

Xa sabedes que por Hespaña adiante existe a lenda de que os catalás son antipáticos, mal educados e antipatriotas. Coido que precisamente son o contrario. Son moi patriotas e o ambiente de que falei, co que están de acordo a maioría dos hespañoles, refirome ao número non á calidade) é porque eles sin catalás por riba de todo e o pregoan así onde queira que se atopen. Eso de que son malos hespañoles é un conto do que non vou falar.

Nós, os galegos, somos moi simpáticos, moi ben educados e moi patriotas. E xa se ve como nos maíra o cabelo. Temos todo o que queremos. Aquí xa non hai caciquismo, os arances beneficiannos, temos escolas, cultura, industrias e moitas cousas mais que non teñen os catalás. Estalles moi ben empregado. Por mal educados e por antipatriotas.

Os galegos témoslles que estar moi agradecidos aos catalás, pois mentras de todas as rexións hespañolas, sobre todo

do centro e do sur, non recibimos máis que aldraxes, d'eles e do recibimos homenaxes e agarimos, chegaron incluso a facer edicións, especiáis dos nosos millores poetas, na Universidade de Barcelona implantaron a cátedra de literatura galaico-portuguesa e máis cousa que non vou citar pero que todos coñecen.

Por esc d'igo que os galegos debíamos estarlles moi agradecidos. Pero como en Galicia tamén hai patriotas d'ese patriotismo raro que non sei quen inventou... velahí.

En Galicia os nacionalistas somos como os catalás da Hespaña. A eles, por seren moi catalás se lles ataca e incluso insulta e a nós pásano o memo. Pero o noso caso é peor aínda pois somos atacados pol-os mesmos galegos e nada máis que pol-o enorme delito de ser galegos. Según parece non debe ser así.

¡Cánto nos queda aínda que facer!

VICTOR CASAS.

En poucas verbas

En Madrid chámanse «nacionalistas» aos porta-colas d'un toureiro.

Nós en troques teremos de chamarnos arredistas d'un país cuio nacionalismo consiste na admiración dos xestos amaricados d'un monicreque analfabeto vestido de lentexuela.

O Sr. Gasset tén tres ou catro deputados por distritos de Galicia, e ises deputados chámanse «agrarios.»

O Sr. Gasset é deputado por un distrito de Castilla la Nueva e é o portavoz dos trigueiros castelás no Parlamento.

E o Sr. Gasset defende o gravame dos cereales en contra dos intreses de Galicia; é o peor enemigo dos intreses dos nosos labregos.

E os deputados «agrarios» galegos do Sr. Gasset van ao Parlamento axudarlle ao seu xefe para afogar a riqueza dos nosos agros.

¡Labregos! Cada voto para os deputados gassetistas significa un día máis de fame para os vosos fillos e é unha cadea máis que vos ata na vosa escravitude!

Esses homes pseudo-modernistas que queren un idioma universal, teñen a psicloxía dos burros, que ornean do mesmo xeito en total-as partes do mundo.

Aqueles individuos que se estranan de que os gallegos falemos galego, lémbren-me aquel toureiro que de viaxe en París indinábase porque os franceses falaban francés; él non sabía falar máis que en «chulo» e quería achulapar a toda a Humanidade.

A Universidade de Compostela ten nós seus estatutos consignado o traballo de intertroque cultural coas Universidades portuguesas. Hasta agora non fixo nada. Madrid comenza a facelo! E curioso, porque Madrid non tifa nada de eso nos seus estatutos. Hai que espertar a tempo. E certo tamén que esperamos moito do Sr. Cotarelo e outros profesores entusiastas.

Ben está honrar a memoria do marqués de San Martín. máis o Sr. Tettamancy, historiador da Cruña, non merece outro tanto?

En Barcelona celebraron unha xunta as d'frentes rama liberais para constituir o partido único e acordaron denominalo: «Partido liberal autonomista.»

En troque os liberais galegos aínda siguen chamándose galegoprietistas, gassetistas, melquiadistas e demais ISTAS pol-o xeito.

TEATRO GALEGO

A mímica

VI

A dicción e o xogo de escena téñense que ausiliar coa expresión da fisonomía e coa mímica.

A mobilidade das faiciós e do ollar son indispensables para comunicarlle ás escenas representadas toda a expresión da vida, da realidade que debe de as animar.

O actor, por medio de ensaios diante d'un espello, debe obrigar ás súas faiciós a traducir con propiedade a expresión adecuada ao sentimento que vibra nas frases por él pronunciadas, como debe de se exercitar no xesto con que aquelas han de ser acompañadas.

Cada pasión, cada sentimento, cada sensación, tén a súa expresión propia. Cando se satisfan os desexos, cando se execute unha acción nobre e xenerosa, cando a ledicia se adorna de nós, a fisonomía expandese, a satisfacción resprandece nela. Nas pasións baixas, na ira, na rabia, na envexa, na cobiza, a fisonomía contráese, ensombrécese.

O actor deberá tén sempre a súa figura "terciada" ante o público, colocándose diagonalmente, có que logrará presentar ben dibuxados todos os seus movementos e atitudes.

Todo ademán débese romatar c'unha segunda postura, de sorte que non resulte un movemento brusco ou ridículo de autómatas, senan acción natural, bela e armónica, que contribúa á dar expresión á frase e variedade artística ao cuadro.

O movemento, salvo nos tipos tímidos, debe ser decidido, executado sen vacilación.

Para compretar no posibre estes lixeiros apuntes sobre a "arte de representar", esbozaremos algúns ademáns.

"Alegría." A conformación do tronco ha ser esbelta, a cabeza orgueita, o rostro radiante de ledicia.

"Dolor." Nesta atitude predomina o decaimento na conformación do corpo, o semblante revela a pena que se sente.

"Coordinación de ideas." Pásanse as xemas dos dedos da man dereita pol-a fronte, encomezando na sen esquerda a romatando na dereita. A expresión do rostro será de dúbida, trocándose en fixeza, pena ou alegría, según os casos.

"Acollida afectuosa." Danse dous ou tres pasos hacia a persoa que é ouxeto da mesma, cós brazos estendidos hacia ela como se se fose abrazar, mais sen o efectuar.

"Sorpresa." Esprésase botando un pouco o corpo hacia atrás, o brazo dereito dobrado, inclinando o antebrazo para arriba e a man coase vertical sobre a muñeca, e algo estendida. O brazo esquerdo estendido e a man somellante á dereita.

O xesto da cara é: o ollar fixo, a boca entreaberta, a fisonomía inmóvil.

Se a sorpresa é producida pol-o medo, todo o movemento será máis encollido, a cabeza baixa, e demostrando turbación.

"Inquietude." O ollar indeciso e azorado, a fisonomía perturbada O corpo adianta e retrocede a modo nun movemento de dúbida. As mans entreabertas, o brazo esquerdo ao longo do corpo e un pouco arqueado, dereito dobrado de xeito que a man queda á altura do peito.

"Repulsión." Colócase o corpo algo oblicuo hacia a parte contraria onde se atopa o ouxeto que a produce, volvendo un pouco a cabeza e estendendo a man dereita, co brazo dobrado, coma querendo arredar de diante o ouxeto repulsivo.

"Resistencia ou firmeza." Indícanse dobrando o brazo con rixidez de xeito que o antebrazo s'atope horizontalmente no medio do peito e có puño pechado a carón da tetilla esquerda; o brazo esquerdo esléndese coa mesma rapidez, e có puño pechado, ao longo do corpo. A cabeza ergueita.

Se debe demostrarse unha decisión que se toma, un pensamento, botarásese un pouco hacia atrás o corpo.

"Ira." Avanza o corpo cós brazos e puños tendidos violentamente ao longo d'el e un pouco hacia atrás; ou ben o brazo do lado do público hacia atrás e o outro erguido có puño á altura da sen. O rostro espresando indinación.

"Defensa." Bótase atrás o pé do lado do público, inerinan-

Suscríbese vostede

A NOSA TERRA

do tamén un pouco o corpo hacia atrás; péchanse os puños, o brazo do lado do público algo arqueado como en posición para pegar, o outro érguese de sorte que a muñeca pase sobre a fronte e o puño quede perto da sen contraria.

"Desesperación." O corpo bótase (diante, a cabeza hacia atrás, os brazos erguidos e os puños preto das sens.

Este movemento é propio para un mutis ou para romatajo cunha aperta ou ben agachando o rosto nos brazos debruzándose saloucando nunha mesa.

O ademán, o xesto, fanse con relativa facilidade, a dificultá consiste en desfacelo, e por eso, repetimos, todo ademán base de romatar trocándose nunha segunda postura que sirva de intermedia para voltar á posición normal. E'comenente, pois, que os estudantes se exercilen moito nos ademáns.

RAMÓN ALVARIÑO.

CELTIGA

Publica CELTIGA n-este número, a novela dialógada, cómico-tráxica, de Antonio Villar Ponte, en tres "estancias", ALMAS MORTAS.

É unha obra intensa e pensada do moito que se ten feito relacionado cos emigrantes galegos. É a obra dos "americanos" unha obra que ten de ser moi discutida e provocará, seguramente, vivas polémicas.

ALMAS MORTAS vende-se, como extraordinario, ao precio de 50 céntimos exemplar. Por tan pequeno precio, CELTIGA dá un número moi ben encuadernado, con cen páxinas de lectura e un hó dibuxo do noso querido irmán o escenógrafo e pintor Camilo Díaz Baliño.

No presimo número publicará CELTIGA unha novela, lírica e socarrona titulada O NOVO XUEZ, da que é autor o noso gran poeta e querido irmán de Mugía Gonzalo López Abente e ilustrada pol-o pintor ferrolano Valentín Castro.

Sección Bibliográfica da Irmandade

Nesta sección anunciaremos constantemente todos aqueles libros galegos que se publiquen e dos que nos sexa enviado un exemplar para a Biblioteca da Irmandade.

Tamén serviremos total-as obras galegas que se nos pidan enviándonos o seu importe mais os gastos de correo e certificado.

POESIAS

Vento Mareiro, Ramón Cabanillas, 4'00 pesetas.

Abrente, Victoriano Taibo, 3.

Alento da Raza, G. López Abente, 2.

Escumas da Ribeira, G. López Abente, 2.

Do Ermo, A. Noriega Varela, 2'50.

Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre

Juana de Vega, 35

Versos de Loita, M. Lúgris Freire, 1.

Poesías, Francisco Añón, 0'40.

Contos e Novelas

Néveda, Francisca Herrera, 4 pesetas.

O Diputado por Veiramar, G. López Abente, 0'75.

Contos de Asieumedre, M. Lúgris Freire, 0'75.

TEATRO

Estadeña, M. Lúgris Freire, 1'50.

O Pazo, M. Lúgris Freire, 1'50.

Minia, M. Lúgris Freire, 1.

Esclavitú, M. Lúgris Freire, 2.

Rexurdimento, Leandro Carré, 1.

Macías o Namorado, E. Carré -lvarellas, 1.

A Tentación, E. Carré Alvarellas, 2.

Alén, Xaime Quintanilla, 2.

Mal de Moitos, Charlón e Hermida, 1'50.

San Antón o Casamenteiro, A. Rodríguez Elías, 1.

A Man de Santiña, Ramón Cabanillas, 2.

VARIAS

Gramática Galega, M. Lúgris Freire, 3'50.

Compendio de Gramática Galega, R. A., 0'50.

Doctrina Nazonalista, R. Villar Ponte, 2'50.

Teoría do Nazonalismo, Vicente Risco, 1'25.

Céltiga, Publicación mensual. Novelas, contos, poesías, 0'30.

Alborada, idem id. id. id., 0'20.

Nós, Revista de cultura galega, 0'60.

As Roladas, Boletín para os nenos galegos, 0'10.

Gramática do Idioma Galego

Por M. Lúgris Freire, académico de número da "Real Academia Gallega"

Este novo libro contén un estudo sintético e integral do noso idioma; e na fonética e morfoloxía resolve total-as dúbidas en col do emprego das voces. A Sintáxis é compreta e crara, fixando regras seguras para o bon orde das palabras na oración.

Leva como aditamentos os nomes de persoas, toponimia, meses e días, denominación dos ventos, táboa dos principás castelanismos, mostras literarias escolleitas e un vocabulario galego-castelán.

Véndese a 3'50 pesetas o exemplar na librería e imprenta de "Zincke Hermanos", Cantón Grande, 21 - A Cruña.

BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES
ASOCIACION de BENEFICENCIA

Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Ponteved a

A CRUÑA

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MELLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Xosé Patiño

Bordados Artísticos
Xogos de cama Confeccións
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa
Aparellos, armados e en panos, para
barcos pesqueiros
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-
nado—Cables de aceiro, ingleses
Aceites minerás e vexetaes, e surtido
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

"Patente-Salvavidas"

O mellor para pintar os fon-
dos dos barcos. Ganou Di-
proma de Honor, Gran pre-
mio e medalla de ouro nas
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-
cimentos da súa cras que máis honran a Gali-
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-
tos.

Alfredo Lastres Canosa

"La Encajera Española"

Fábrica de encaixes de fío
Tecidos a man. Especialidade en
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexion
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 - Teléfono 256

A CRUÑA

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os millores viños de Xerez
son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:
Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

"LA SANTIAGUESA"

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación
con habitacións independentes. Preto das ad-
ministracións dos coches ao ferrocarril
e a Santiago

PRECIOS ECONOMICOS

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores
os que exporta a casa PEDRO DOMEÑO de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto
de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (includa prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, BOS AIRES), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas condiciós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	"	"
En prazo fixo de tres meses	3	"	"
Idem id. 6 meses	3 1/2	"	"
Idem id. un ano.	4	"	"
A máis prazo			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

BANCO HISPANO-AMERICANO

==== MADRID ====

Capital: 100 millós de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza


Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira aboqando intreses a tipos convencionaes.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

Vapor Espagne 23 de Junio

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	"	600	600

A estos precios hai que añadir os impostos
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPañÍA CHARGEURS REUNIS E COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Líña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os maníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. ^a cras
23 de Junio	FORMOSE (nuevo)	434'60 pesetas.
24 de Julio	MEDUANA (nuevo)	434'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahía	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. Ptas.			1.286		1.486	1.543
En segunda crase. »			1.135		1.135	1.135
En segunda intermedia . . . »			522		522	522

Aos precios de cámara hai que aumentar os impostos

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Orense, 2 - A CRUÑA

Telegramas "Chargeurs"

Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD
AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

Vapor correo rápido **GELRIA** 17 de Junio

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.^a cras, **Ptas. 464'60**

NENOS, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.
PARA PRECIOS DE CÁMARA e carga dirixirse o **Agente General da Compañía en España:**

D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario—Marina, 22—A CRUÑA